

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 10 DE FEBREIRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da "Análise do sector do deporte en Galicia", elaborada polo IGE por proposta da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a concesión directa dunha axuda de carácter extraordinario por importe de sesenta mil euros (60.000 €) á entidade deportiva Club Remo Puebla destinada á adquisición de material deportivo, á concesión de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida na normativa de subvencións de Galicia e á exención de garantías nos pagamentos anticipados.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de educación dixital de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma en razón a licitación de equipamento da Residencia de Maiores Antas de Ulla (Lugo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superar a porcentaxe e a eximir da constitución de garantías no pagamento á conta derivado da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas de xuros en préstamos concedidos con fondos públicos para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 169 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela A da Unidade de Actuación Norte1-Norte 2, Garabolos (Lugo), por un importe de licitación dun millón cento noventa e dous mil catrocentos catorce euros con oito céntimos (1.192.414,08€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón do acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e os colexios oficiais de Farmacéuticos de Galicia para a posta en marcha dun programa para a renovación, con carácter excepcional, da prescrición de medicación non demorable.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Acordo de Colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servizo Galego de Saúde para a Implantación dun sistema de Formación Profesional Dual, por importe de setecentos corenta e un mil setecentos noventa e catro euros con oito céntimos (741.794,08 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha do Banco de Explotacións de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta a confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar, asociacións de profesionais do sector e outras entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas exclusivamente por profesionais ou entidades do sector pesqueiro, nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes para o ano 2025, por importe de catorce millóns seiscientos cinco mil euros (14.605.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia para a promoción e a mellora da comercialización do mexillón certificado DOP no ano 2025, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre actuacións no parque nacional Illas Atlánticas e na rede de parques naturais de Galicia (2024-2025).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a aprobación de 8 proxectos de Compra Pública de Innovación presentados pola Xunta de Galicia á convocatoria do ano 2024 da Liña FID (Fomento de Innovación dende a Demanda) do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a orde do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións ás asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia para financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e para o desenvolvemento das actuacións do Plan corresponsables, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o peche do exercicio orzamentario 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas (2018-2024) e da nova convocatoria para o ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE ÁS 1.664 PRAZAS DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DOCENTE

- Case o 86 % delas serán de novo ingreso, co obxectivo de reforzar Galicia como a Comunidade con menor interinidade no ensino de España
- As prazas de promoción interna favorecen a carreira profesional entre os docentes nun contexto no que, ademais, se están a aplicar subas salariais

O Consello da Xunta deu hoxe visto e prace ao decreto de oferta pública de emprego da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP para este ano 2025. Son un total de 1.664 prazas, coas que se cobre o 120 % da taxa de reposición permitido pola normativa estatal. A meirande parte, case o 86 %, son de novo ingreso e, ademais, hai 10 para o acceso ao corpo de inspectores e outras 230 de promoción interna, en concreto para que mestres e mestras poidan acceder ao corpo de profesores de ensino secundario.

Unha vez aprobado este decreto, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* tanto este decreto como a orde de convocatoria, na que se detallan as 50 especialidades nas que se ofrecerán prazas. Por corpos, no de mestres e mestras convócanse 426 prazas en oito especialidades, e no de profesores e profesoras de ensino secundario, 918 en 33 especialidades. Pola súa banda, haberá 80 prazas en oito especialidades no corpo de profesores e profesoras especialistas en sectores singulares da FP, e 10 para inspectores e inspectoras de educación. En canto á promoción interna, haberá 230 prazas en 32 especialidades.

As probas realizaranse a partir do 21 de xuño, co obxectivo de ter resolto o proceso a finais de verán e que os novos funcionarios e funcionarias se poidan incorporar ás aulas ou tomar posesión do seu novo posto antes de que comece o curso 2025/26.

Aposta decidida polo profesorado

Este proceso de oposicións confirma a aposta da Xunta pola estabilidade docente, reforzando a Galicia como a comunidade con menor interinidade neste colectivo e moi por debaixo da media estatal. De feito, esta taxa mellorará, dado que esta oferta se produce nun marco de caída demográfica continuada.

Ademais, a inclusión de prazas de promoción interna e acceso ao corpo de inspectores favorece a carreira profesional entre os funcionarios docentes nun contexto no que tamén se está a aplicar unha suba progresiva dos salarios ao abeiro do acordo de melloras asinado coas organizacións sindicais en 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A 'ANÁLISE DO SECTOR DO DEPORTE' REFLECTE QUE O TECIDO DEPORTIVO GALEGO REPRESENTA O 1,3 % DO PIB SUMANDO OS EFECTOS DIRECTOS E INDIRECTOS

O documento elaborado polo Instituto Galego de Estatística por instancia da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte vén de ser presentado ao Consello da Xunta grazas ao traballo levado a cabo pola 'Conta satélite do deporte', unha operación estatística pioneira no conxunto do Estado e da 'Información socioeconómica sobre o sector do deporte'

O Consello da Xunta vén de recibir un informe da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da 'Análise do sector do deporte', un documento elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE), co obxectivo de afondar no coñecemento da economía galega a través do estudo do sector do deporte que, pola súa importancia, debe ser avaliado en detalle pola estatística pública. En termos xerais, o informe reflicte que a contribución total do sector deportivo á economía galega ascendeu en 2022 ao 1,3 % do Produto Interior Bruto, así como o 1,95 % sobre o emprego, e xerou 22.140 postos de traballo.

Cómpre salientar tamén a evolución do emprego no sector, que, en termos relativos ás afiliacións á Seguridade Social, supera o rexistrado no conxunto da economía galega durante o período 2016/2024. As empresas vencelladas ao sector deporte son 2.952 no ano 2023, isto é, o 1,3 % das empresas totais que operan en Galicia.

O peso do deporte da economía galega

Estes datos obtéñense da suma dos efectos directos e indirectos do deporte sobre a economía de Galicia. O pasado 27 de decembro de 2024 o IGE publicaba o primeiro informe da 'Conta Satélite do Deporte' elaborado a partir de 24 clases da Clasificación Nacional de Actividades Económicas referidas a 'Actividades deportivas', 'Fabricación de artigos de deporte', 'Comercio polo miúdo de artigos deportivos en establecementos especializados', 'Educación deportiva e recreativa', así como outras vencelladas ao deporte como a educación secundaria ou terciaria na materia, as apostas deportivas ou mesmo a fabricación de roupa de vestir ou calzado deportivo. O resultado é que, no ano 2022, o sector do deporte representa, en termos directos, o 0,9 % do Produto Interior Bruto e o 1,4 % en termos de emprego e xerou 16.436 postos de traballo.

O 10 de xaneiro deste ano, o IGE publicou a 'Información socioeconómica sobre o sector do deporte', que compila e explota fontes de información de carácter transversal, que inclúen información socioeconómica sobre o sector do deporte en Galicia, como as contas das sociedades mercantís, o gasto en consumo final dos fogares, os datos de comercio exterior de bens e, finalmente, as ensinanzas na Comunidade Autónoma. Cómpre salientar que, segundo a Matriz Simétrica da economía galega, os efectos indirectos do deporte representan un 0,4 % do PIB.

Unha medida pioneira no contexto nacional e mesmo internacional

O traballo comezado en decembro de 2020 tivo como froito a 'Conta Satélite do Deporte', medida pioneira no conxunto do Estado, xa que esta operación estatística non

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

existe en ningunha outra comunidade autónoma nin na propia Administración xeral do Estado. Do mesmo xeito é unha das poucas en funcionamento no contexto da Unión Europea.

O coñecemento e a toma de decisións ao redor do sistema deportivo en Galicia poderán valerse da enorme utilidade que proporciona a información testada e os datos procedentes dos distintos e variados parámetros económicos do deporte, ofrecendo unha medición completa da relevancia económica deste en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A AXUDA EXTRAORDINARIA DE 60.000 € PARA O CLUB REMO PUEBLA POR MOR DO INCENDIO ACAECIDO O 5 DE XANEIRO

Esta axuda permitirá ao club seguir co fomento da práctica do deporte do remo, así como a súa participación nas diferentes competicións

O Consello da Xunta vén de autorizar a concesión directa dunha axuda de carácter extraordinario de 60.000 euros á entidade deportiva Club Remo Puebla, que se viu afectada por un incendio imprevisible de grande intensidade na noite do pasado 5 de xaneiro que afectou a totalidade do inmovible, destruindo tanto a estrutura como tamén o equipamento que se atopaba no seu interior. Cómpre salientar que o Club Remo Puebla, fundado en 1979, é un dos clubs de remo máis importantes de Galicia, nomeadamente, no banco fixo, e que na tempada 2021 competiu con tres embarcacións en todas as categorías da Liga Galega de Traíñeiras: A, B e feminina. O club conta con preto de 150 licenzas federativas, e 61 % delas son de base.

Esta axuda para a adquisición de material deportivo está destinada a garantir a viabilidade do Club Remo Puebla, seriamente comprometida tras o incendio que estragou a totalidade das súas embarcacións e elementos auxiliares. Segundo o inventario do equipamento e bens de carácter inventariable, as perdas ascenden a preto de medio millón de euros. A achega directa permitirá ao club adquirir unha mínima dotación de material para seguir co fomento da práctica do deporte do remo, así como a súa participación nas diferentes competicións.

A Secretaría Xeral para o Deporte achegou ao Club Remo Puebla preto de 1.500 euros na tempada 2024 por distintas liñas de axudas, o que suma un total de 59.000 desde 2009. Ademais, en 2024, a Xunta impulsou 400 actuacións en instalacións deportivas tanto de titularidade autonómica como municipal, cun orzamento global de 22 millóns de euros, a través de axudas da Secretaría Xeral para o Deporte como de liñas específicas de apoio ás administracións locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DOTARASE DUNHA LEI DE EDUCACIÓN DIXITAL PIONEIRA PARA AFRONTAR CON SEGURIDADE OS RETOS DA TRANSFORMACIÓN SOCIAL E TECNOLÓXICA

- O Consello da Xunta dá luz verde ao inicio da tramitación do anteproxecto cuxa elaboración contará con toda a comunidade educativa e expertos na materia
- O texto, inédito ata o de agora a nivel estatal e europeo, regulará os dereitos e os deberes da nova realidade dixital para blindar o modelo galego de calidade e equidade
- Fará fincapé en aspectos como a intelixencia artificial, o benestar dixital, a protección de datos, o dereito á identidade dixital e á accesibilidade universal, entre outros
- A iniciativa parte da experiencia da pandemia, cando se identificaron necesidades de regular cuestións sobre o uso de ferramentas dixitais na contorna educativa

Galicia dotarase dunha pioneira Lei de educación dixital que xorde da necesidade de afrontar con seguridade e certezas os novos retos de transformación social que se están producindo neste eido e que atinxen de xeito directo ao sistema educativo. O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, deu hoxe luz verde ao inicio da tramitación do anteproxecto de lei, para abril ao debate público co fin de recoller as máximas achegas ao respecto.

O texto no que se vai comezar a traballar e que, ata o de agora, é inédito tanto a nivel estatal como europeo, regulará os dereitos e os deberes de todos os membros da comunidade educativa -administracións públicas, centros educativos, docentes, alumnos e familias- ante a nova realidade derivada da transformación dixital no ensino.

De feito, para desenvolver este novo marco normativo, vaise iniciar o procedemento de consulta pública previa no Portal de Transparencia da Xunta e, paralelamente, abrírase un proceso de diálogo con todos os colectivos implicados que abranguen os centros educativos, o profesorado, as familias a través das anpas, e expertos en tecnoloxía, entre outros.

Trátase de avanzar nunha folla de ruta para que o proceso de transformación dixital avance tendo en conta os plenos dereitos de todos os membros da comunidade educativa. Así pois, o texto recollerá cuestións como a regulación da comunicación dixital entre docentes e alumnado fóra do horario lectivo, o aproveitamento responsable da intelixencia artificial, as condutas contrarias á convivencia no eido dixital ou a gravación de clases.

Evidencias científicas

O principal obxectivo desta normativa é, por tanto, proporcionar as ferramentas necesarias ao alumnado para que saiban manexarse como cidadáns a nivel persoal e profesional ante un mundo cada vez máis cambiante. Neste sentido, farase especial fincapé en aspectos como o benestar dixital, a privacidade e a protección de datos, o dereito á identidade dixital e á intimidade e a accesibilidade universal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Precisamente a blindaxe da igualdade e da equidade é un dos principais retos que se perseguen con esta nova lei, que permitirá aproveitar as oportunidades que ofrece a tecnoloxía, ao tempo que asegura un acceso equitativo eliminando a fenda dixital e asegura tamén protexer os usuarios na contorna dixital.

A Consellería de Educación quere liderar un debate baseado en evidencias científicas e en investigacións co fin de elaborar un texto rigoroso para blindar o sistema educativo galego do segundo cuarto do século XXI como un sistema de calidade, de igualdade e de equidade aproveitando as oportunidades de mellora que brindan as novas realidades como é a intelixencia artificial, entre outras.

Precisamente, a Consellería de Educación vai desenvolver o proxecto EdugallA, centrado na mellora da gobernanza e no procesamento de datos a través da intelixencia artificial, para, entre outras finalidades, incidir na prevención do abandono escolar. Este proxecto -que vén de lograr 9,9M€ no proceso estatal de Compra Pública Innovadora- permitirá a creación do expediente dixital único do alumnado e establecerá un novo modelo no acceso de alumnado e familias á información de interese, cun punto único de contacto e ferramentas informáticas específicas.

Ferramentas dixitais na contorna educativa

O traballo da Consellería para a elaboración desta nova Lei de educación dixital parte da experiencia vivida durante a pandemia, onde se demostrou a capacidade tecnolóxica do sistema educativo como un elemento clave para garantir o acceso á educación en igualdade. Non obstante, tamén foi un momento fundamental para identificar as necesidades de regular cuestións sobre o uso de ferramentas dixitais na contorna educativa e nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Así pois, o novo texto lexislativo abranguerá todo o ecosistema STEM nun sentido amplo, o que vai moito máis aló do uso de pantallas e dos dispositivos electrónicos, xa que abordará os principios e as habilidades da ciencia e da matemática na resolución de retos que supoñan o despregamento do pensamento computacional.

Entrada en vigor en 2026

Trátase, en definitiva, de garantir que a sociedade galega, a través dun sistema educativo moderno, innovador e seguro, conte coas mellores oportunidades posibles, con garantía dos seus dereitos dixitais, con protección do seu benestar e co referente de calidade e excelencia avalado polos principais informes nacionais e internacionais.

Ao mesmo tempo, esta lei, coa que se cumpre un compromiso electoral do actual Goberno da Xunta, contribuirá a posicionar Galicia como unha das comunidades máis innovadoras e competitivas no ámbito educativo. A previsión é que, logo de completarse todos os trámites administrativos e achegas dos distintos axentes, a lei entre en vigor en 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA O MOBILIARIO E O EQUIPAMENTO DA SÚA NOVA RESIDENCIA DE MAIORES DE ANTAS DE ULLA

- Destínanse máis de 450.000 euros a dotar este centro de todo o material necesario para a súa entrada en servizo
- As obras están practicamente rematadas tras un investimento de 3,5 millóns de euros, que permitiu transformar os apartamentos tutelados que albergaba o edificio nunha moderna residencia pública de 56 prazas

O Consello da Xunta deu conta hoxe da licitación do mobiliario e do equipamento da residencia de maiores de Antas de Ulla, pertencente á rede pública autonómica. O Goberno galego investirá máis de 450.000 euros en dotar este centro de todo o material necesario para a súa entrada en servizo.

O equipamento desta infraestrutura estase a realizar en dúas fases. Nunha primeira licitouse a subministración de material para as zonas de cociña e lavandaría, que incluíu cociña industrial de gas, forno, campá, mesa refrixerada, lavalouzas, cámaras de frío, lavadora, secadora, mesa de pasado de ferro, etc. E nesta segunda sácanse a contratación o mobiliario, o material asistencial e sociosanitario e os diferentes aparellos tecnolóxicos.

Esta segunda parte do equipamento divídese en tres lotes. O primeiro é para a moblaxe e o enxoval e comprende, entre outros elementos: camas articuladas, o mobiliario dos cuartos e das zonas comúns, cadeiras, armariños individuais con pechadura, lenzaría, equipamento do salón de peiteado, etc. O lote dous de material asistencial e sociosanitario inclúe desfibrilador, electrocardiógrafo, monitor de signos vitais, concentrador de oxíxeno, tensiómetro, frigorífico e carro de medicación, guindastres de elevación e bidepestación, material de fisioterapia, etc. Finalmente, o terceiro lote de tecnoloxía está composto por un sistema audiovisual (proxector, pantalla, altofalante, micrófono...) para unha das salas polivalentes, sistema de videoconferencias, ordenadores, impresoras, televisores, etc.

As empresas interesadas neste concurso teñen de prazo ata o vindeiro día 7 de marzo para presentaren as súas propostas. Deste xeito, a Xunta dá un paso máis para a posta en funcionamento da residencia de Antas de Ulla o antes posible. As obras están practicamente rematadas e a súa finalización está prevista para os vindeiros días.

O Executivo autonómico destina máis de 3,5 millóns de euros procedentes de fondos europeos do programa *Next Generation* a esta actuación, que transformará os 12 apartamentos tutelados para maiores con autonomía que albergaba o edificio nunha moderna residencia pública de 56 prazas para persoas maiores con dependencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA O DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS CUNHA NOVA LIÑA DE PRÉSTAMOS CON CONDICIÓNS MÁIS VANTAXOSAS IMPULSADA POLO IGAPE

- O Goberno galego destina 5M€ a un programa de apoios encamiñado a facilitar o financiamento deste tipo de operacións, tanto das realizadas con fondos Next Generation EU como das concedidas por Xesgalicia, mellorando os custos das operacións e promovendo a competitividade de autónomos e pemes galegas
- As empresas poderán beneficiarse así dunha rebaixa de ata 3 puntos porcentuais nos xuros dos préstamos, favorecendo a súa viabilidade económica e facilitando a devolución destas operacións
- A liña incentiva a utilización deste tipo de financiamento a longo prazo, máis adaptado aos fluxos de retorno dos proxectos

O Consello da Xunta coñeceu hoxe unha nova liña de axudas que, cunha dotación de 5 millóns de euros, permitirá subvencionar os xuros dos préstamos concedidos con fondos públicos. O obxectivo desta medida é mellorar as condicións financeiras dos autónomos e pemes galegas, facilitando o acceso ao crédito e promovendo a viabilidade económica dos seus proxectos.

A liña, impulsada pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto de Promoción Económica de Galicia (Igape), está dirixida ás operacións de financiamento concedidas tanto con fondos públicos, como Next Generation EU, como das concedidas por Xesgalicia, entre outros, e que teñan como finalidade o desenvolvemento de proxectos empresariais con impacto directo en Galicia. Deste xeito, as empresas beneficiarias poderán acceder a unha subvención nos xuros dos seus préstamos, reducindo os custos financeiros das súas operacións e favorecendo a súa capacidade de devolución.

A Xunta incentiva así o uso de financiamento a longo prazo, unha opción máis adaptada aos fluxos de retorno dos proxectos empresariais. A liña de axudas permitirá rebaixar ata en 3 puntos porcentuais os xuros dos préstamos formalizados a partir do 1 de xaneiro de 2020, aliviando así a carga financeira das empresas galegas.

A dotación orzamentaria desta medida distribuirase en dúas anualidades: 2,5 millóns de euros en 2025 e outros 2,5 millóns en 2026. A súa concesión realizarase en réxime de concorrència non competitiva, garantindo así que o apoio financeiro chegue de maneira áxil e directa aos beneficiarios e beneficiarias.

Unha aposta polo crecemento e a competitividade empresarial

A activación desta nova liña de axudas enmárcase na estratexia da Xunta de Galicia para fortalecer o tecido empresarial da Comunidade e facilitar o acceso ao financiamento en condicións óptimas. Desde o Igape, póñense ao dispor das empresas galegas diferentes instrumentos financeiros que lles permiten obter liquidez e abordar investimentos estratéxicos, con programas que abranguen desde o acceso ao crédito ata préstamos directos e axudas específicas para a transformación industrial e a innovación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A previsión é que a convocatoria desta nova liña de axudas se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ao longo do mes de febreiro. Unha vez publicada, as empresas interesadas poderán presentar as súas solicitudes dentro dos prazos establecidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA IMPULSA UN NOVO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DE 169 VPP EN GARABOLOS, EN LUGO, CUN INVESTIMENTO DA XUNTA DE 1,2 M€

- O Goberno galego financiará con fondos propios a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 169 novas vivendas de promoción pública
- O orzamento da execución das obras estímase que suporá un investimento de 27 M€
- É o cuarto proxecto que a Xunta está a desenvolver neste barrio da cidade e o segundo que licita Vipugal, o que permite impulsar un total de 460 vivendas
- O Goberno galego mantén o ritmo de traballo para duplicar o parque público de vivenda en Galicia nesta lexislatura, ata chegar ás 8.000

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) impulsa un novo contrato para a redacción do proxecto de construción de 169 novas Vivendas de Promoción Pública (VPP) en Garabolos, no concello de Lugo, que suporá un investimento de fondos propios da Xunta que rolda o 1,2 M€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas deu conta hoxe da licitación desta nova contratación, para a redacción do proxecto básico e de execución e a dirección de obra para a construción de 169 VPP no municipio lucense. O orzamento da execución das obras estímase que suporá un investimento de 27 M€.

É o cuarto proxecto que a Xunta está a desenvolver neste barrio da cidade e o segundo que licita a través de Vipugal, para impulsar un total de 460 vivendas en Garabolos. Así, son xa 314 as vivendas impulsadas pola nova sociedade neste barrio lucense, ás que se engade a contratación das obras de construción de dous grupos que suman un total de 146 VPP, cuxo prazo de presentación de ofertas finalizará este vindeiro día 19, e que suporán un investimento de 28,2M€.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico, Vipugal licitará nas vindeiras semanas o contrato, no que se inclúe os servizos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 169 novas VPP, garaxes, rochos e locais na parcela A, urbanizada pola Xunta, e que conta cunha superficie de 3.330 m².

O Goberno galego mantén o ritmo de traballo co obxectivo de acadar o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS POÑEN EN MARCHA UN PROGRAMA PARA A RENOVACIÓN CON CARÁCTER EXCEPCIONAL DA PRESCRICIÓN DA MEDICACIÓN NON DEMORABLE

- Esta iniciativa comezará a funcionar neste mes de febreiro
- Aténdese así a demanda dos pacientes que necesiten unha determinada medicación non demorable e que non estea activa para a súa dispensación na oficina de farmacia
- Nestes casos, o farmacéutico poñerase en contacto co Servizo Galego de Saúde nun número de teléfono habilitado exclusivamente para este procedemento, en horario de 9:00 a 21:00 horas, de luns a venres
- A medida tamén permitirá diminuír o número de consultas forzadas ou asistenciais sen cita aos médicos e médicas de familia e nos puntos de atención continuada derivadas destas circunstancias
- Sanidade avaliará de forma continuada a implantación deste programa e propondrá as modificacións pertinentes para a súa adaptación ás necesidades que se aprecien

A Xunta aprobou hoxe, na súa reunión semanal, un programa de colaboración entre a Consellería de Sanidade e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia para a renovación, con carácter excepcional, da prescripción da medicación non demorable, naqueles casos nos que as persoas usuarias soliciten de xeito urxente unha medicación na oficina de farmacia comunitaria e non estea dispoñible para a súa dispensación.

Esta vía excepcional, que comezará a funcionar neste mes de febreiro, unicamente acollerá aquelas medicacións nas que a súa suspensión temporal poida supoñer un alto risco para a saúde dos pacientes.

Con esta medida, o departamento sanitario galego dá resposta ás demandas dos pacientes no caso de que necesiten unha determinada medicación considerada non demorable e que non estea activa para a súa dispensación na oficina de farmacia comunitaria. Coa iniciativa establécese unha canle de comunicación directa entre os e as pacientes, o persoal farmacéutico comunitario e os profesionais médicos técnicos de saúde para poder atender estas demandas.

O programa vai permitir, tamén, diminuír o número de consultas forzadas ou asistenciais sen cita aos médicos e médicas de familia e nos puntos de atención continuada ocasionadas polos pacientes que se atopan nestas circunstancias, evitando o incumprimento terapéutico nos casos que a interrupción do tratamento poida supoñer un problema para a saúde.

Procedemento

En virtude deste programa, naqueles casos nos que unha persoa acuda a unha oficina de farmacia solicitando medicación de modo urxente, en primeiro lugar, o farmacéutico ou farmacéutica deberán comprobar se o paciente dispón de receitas para dispensar en relación coa medicación crónica solicitada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso de que non estean dispoñibles as ditas receitas, e para efectos de comprobar para cantos días dispón de medicación, o persoal farmacéutico verificará a data da última dispensación e a súa pauta na folla de medicación activa, preguntando ao usuario ou usuaria sobre a cantidade e para cantos días dispón aínda de medicación no seu domicilio.

Para os efectos deste programa, e con carácter xeral, terá a consideración de urxencia aquela situación na que a persoa usuaria non dispoña de medicación para máis alá de 72 horas, sen prexuízo da valoración individualizada de cada suposto.

Comprobada a urxencia da medicación solicitada, o persoal farmacéutico verificará que esta forma parte da listaxe de medicamentos non demorables incluídos neste procedemento.

Se non forma parte desta listaxe, o persoal farmacéutico informará o usuario ou usuaria de que deberá solicitar cita co seu médico ou médica de familia para a renovación da súa prescrición e sobre a necesidade de pedir cita para a renovación de receitas coa debida antelación para evitar chegar a situacións de urxencia.

No caso de que se cumpran as premisas de urxencia e a de medicamentos non demorables, o persoal farmacéutico poñerase en contacto co Servizo Galego de Saúde nun número de teléfono habilitado exclusivamente para este procedemento, en horario de 9:00 a 21:00 horas, de luns a venres.

Fóra deste horario non se poderá facer uso desta vía excepcional, polo que, para resolver a demanda de renovación da súa prescrición, o usuario ou usuaria terán que recorrer ás canles ordinarias de atención sanitaria.

A chamada será atendida por un profesional médico técnico de saúde, que deberá verificar, así mesmo, que se cumpran as premisas para a renovación da medicación non demorable. No caso de que o persoal médico técnico de saúde comprobe que non se produce a situación de urxencia ou a medicación solicitada non forma parte da listaxe definida, comunicará ao persoal farmacéutico da oficina de farmacia comunitaria que o paciente debe solicitar cita co seu médico ou médica de familia para a renovación da prescrición da medicación solicitada.

No caso de que si se cumpran as premisas definidas, o persoal médico técnico de saúde asignará na súa axenda unha cita telefónica para a realización da renovación da prescrición do paciente. O persoal farmacéutico comunitario deberá confirmar o teléfono do usuario solicitante e facilitarállelo ao persoal médico técnico de saúde para a asignación da cita e informará desta ao paciente, que aparecerá reflectida na aplicación SERGAS móbil.

Para axilizar o procedemento e evitar as demoras, o persoal médico técnico de saúde deberá contactar co paciente coa maior brevidade posible, e realizará a renovación da prescrición na cantidade mínima suficiente para cubrir a situación de urxencia (habitualmente un envase). A continuación, desenvolverá a educación sanitaria necesaria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ao paciente para evitar chegar a este tipo de situacións, lembrándolle que se trata dunha vía con carácter excepcional.

Unha vez realizado este acto de renovación da prescrición, o paciente xa pode retirar a medicación na súa oficina de farmacia.

Avaliación

A Consellería de Sanidade avaliará de forma continuada a implantación deste programa e proporá as modificacións pertinentes para a súa adaptación e necesidades que se aprecien.

Así mesmo, e co fin de detectar irregularidades ou desviacións non xustificadas, de xeito periódico levarase a cabo un seguimento dos pacientes que fan uso desta vía excepcional.

Todas as incidencias e peticións serán valoradas e postas en común a través de reunións periódicas entre a Consellería de Sanidade e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL DE TÉCNICO SUPERIOR EN IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO E MEDICINA NUCLEAR CON PRÁCTICAS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e o Servizo Galego de Saúde para a posta en marcha desta iniciativa
- O Servizo Galego de Saúde comprométese a acoller nas súas instalacións un mínimo de 44 alumnos para a realización das prácticas
- En cada centro asistencial que acolla prácticas fixarase un plan de formación específico adaptado ao currículo desta titulación
- Para o abono das retribucións da formación deste alumnado, o Servizo Galego de Saúde achegará 741.794 euros, tal e como recolle o convenio

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión semanal a sinatura cun acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Servizo Galego de Saúde para o impulso da Formación Profesional dual de técnico superior en imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear con prácticas no Servizo Galego de Saúde.

Tal e como se establece no acordo de colaboración autorizado hoxe, o alumnado dos centros educativos CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña e do IES Ricardo Mella de Vigo que curse o título de Técnico superior en imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear poderá desenvolver a súa formación práctica en centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e o Servizo Galego de Saúde, garantindo a adquisición de resultados de aprendizaxe establecidos para as ensinanzas conducentes á obtención do título de Técnico superior en imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.

No presente curso, a incorporación do alumnado será a partir do 22 de abril e ata o 31 de xullo. De cara ao curso 2025/2026 esa incorporación será desde o 9 de febreiro do 2026 ao 31 de xullo.

Para o abono das retribucións anuais da formación en prácticas deste alumnado, tal e como se recolle no convenio, o Servizo Galego de Saúde destinará nos anos 2025 e 2026 un total de 741.794 euros.

Alumnos e centros

O número total de alumnos ascende a 44. A distribución por centros nos que se realizarán as prácticas é a seguinte: nove alumnos nas instalacións do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña; outros nove alumnos no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo; sete no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela; cinco no Hospital Lucus Augusti; outros cinco no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense; catro no Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra;

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

catro no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol; e un no Hospital Público da Mariña.

Con esta medida, o departamento sanitario galego facilita a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos proxectos formativos de prácticas. Así, en cada centro asistencial onde se realizan as prácticas, fixarase un plan de formación específico, acorde cos contidos e obxectivos adaptado ao currículo do ciclo formativo de Técnico superior en imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.

Mediante este acordo, a Xunta cumpre o obxectivo da cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación do alumnado.

O alumnado que realice as prácticas ao amparo deste acordo, poderá utilizar as instalacións e servizos das bibliotecas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, incluíndo as prestacións da biblioteca virtual do Sergas (Bibliosaúde), nas mesmas condicións que o persoal do departamento sanitario galego.

Os centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde nos que realice a súa formación práctica o alumnado contarán cun profesional coa formación e experiencia axeitada, en condición de titor, que será o responsable do seguimento dos estudantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN FUNCIONAMENTO ESTA SEMANA O BANCO DE EXPLOTACIÓNS PARA FAVORECER A REMUDA NO AGRO GALEGO

- Rueda salienta que o obxectivo é “facilitar a transmisión de case 140 explotacións” ata 2026
- Trátase dunha plataforma para poñer en contacto aos propietarios que deixan unha explotación e a cidadáns interesados en poñerse ao fronte
- O presidente destaca que contará “cun visor público” que “permitirá localizar e visualizar as características” dos negocios inscritos no Banco
- O Goberno autonómico tamén destinará 2,1 M€ a unha nova liña de axudas para promover a continuidade das explotacións viables mediante a transmisión
- O proceso de transmisión de explotacións estará tutelado pola Administración autonómica, a través da rede de oficinas rurais, de forma que calquera persoa interesada poderá dirixirse á súa oficina para informarse sobre este tema e recibir asesoramento

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a posta en marcha “esta semana” do novo Banco de explotacións “que vai promover a remuda xeracional no agro galego” e evitar “o peche” de empresas agrogandeiras. A previsión é que con este instrumento, previsto na Lei de recuperación da terra agraria, se poda “facilitar a transmisión de case 140 explotacións ata 2026”.

O Banco de explotacións entrará en funcionamento de inmediato, coa publicación, este mesmo mércores, da Orde coa adopción de modelos normalizados para a xestión do Banco. Esta norma permitirá, na práctica, a inclusión dunha explotación no Banco por parte das persoas titulares que pretendan cesar na súa actividade e, por outra banda, tramitar a solicitude de intermediación para o acceso a unha explotación do Banco por parte de persoas interesadas no seu arrendamento, permuta ou adquisición.

Esta posibilidade constitúe, en consecuencia, unha oportunidade tanto para o titular da explotación (cedente) como para o titular que asume a xestión dunha explotación viable (cesionario). Así, por unha banda, os cedentes, titulares de explotacións agrarias familiares, poderán complementar á súa pensión de xubilación cos ingresos xerados polo arrendamento ou venda da súa explotación. Por outra parte, os agricultores mozos ou novos agricultores poderán acceder á xestión dunha explotación en funcionamento e viable.

Cómpre salientar que o proceso de transmisión de explotacións estará tutelado pola Administración autonómica, a través da rede de oficinas rurais. Calquera persoa interesada poderá dirixirse á súa oficina rural para informarse sobre este tema e recibir asesoramento.

Ademais, tal e como adiantou Rueda, a partir desta semana tamén iniciará a súa operatividade o visor público do Banco, unha ferramenta informática situada na páxina da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que, unha vez resoltas as solicitudes de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inclusión, “permitirá localizar e visualizar as características das explotacións” que están incluídas no Banco.

Todo isto suporá a entrada en funcionamento do Banco de Explotacións, creado en virtude ao establecido pola devandita Lei de recuperación, co fin de garantir a remuda xeracional e o contacto entre persoas titulares de explotacións que cesan ou van cesar a súa actividade e as interesadas en asumir a súa xestión, mediante compra ou arrendamento.

Axudas da Xunta para a sucesión

Tal e como explicou o presidente, en paralelo a posta en marcha desta plataforma, a Xunta vai lanzar unha convocatoria de axudas á cooperación para a sucesión de explotacións. Será unha achega “de 2,1 millóns de euros” no período 2025-2029 destinada á persoa cedente da explotación e que se convocará en breve.

Ademais, as persoas cesionarias poderán acceder ás axudas planificadas dentro do Plan Estratéxico da PAC (PePAC) 2023-2027. Achegas como as destinadas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria, unha liña xa existente; tamén, as axudas á incorporación de persoas novas agricultoras á actividade agraria, unha liña posta en marcha en 2024; e as subvencións para investimentos en explotacións agrarias, liña tamén xa existente.

Outra medida adoptada para a posta en marcha do Banco é o Xesbex, unha ferramenta informática habilitada pola Consellería do Medio Rural para administrar tanto as solicitudes de inclusión de explotacións como as peticións de intermediación para o acceso a unha delas.

A maiores, deuse un impulso á formación para o asesoramento a través das oficinas rurais e así, ao longo do ano 2024, desenvolveuse unha actividade formativa específica relacionada coa posta en marcha do banco dirixida ao persoal destes centros da Consellería repartidos por todo o territorio. A acción centrouse na elaboración de material didáctico e formación de asesores na transmisión de explotacións a través do Banco de explotacións mediante venda ou arrendamento. Cómpre ter en conta, neste sentido, que o proceso de transmisión de explotacións estará tutelado, precisamente, pola administración autonómica, a través da rede de oficinas rurais.

A entrada en funcionamento deste Banco terá unha incidencia directa na sustentabilidade do sector primario, na medida en que favorecerá a continuidade das explotacións agrarias, que contribúen á xestión do territorio, a fixar poboación e a xerar riqueza e emprego no rural, entre outras aportacións. Ao mesmo tempo, é unha aposta para que a xente decida quedarse e emprender no rural que pivota sobre tres principios reitores básicos: a voluntariedade, a rendibilidade e a sustentabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA SIMPLIFICA O ACCESO ÁS AXUDAS XESTIONADAS A TRAVÉS DOS GALP ÁS ENTIDADES DO SECTOR PESQUEIRO, DOTADAS CON 14,6 M€

- Salienta que o obxectivo é facer “moito máis asequible” o proceso e axilizar a posta en marcha dos proxectos
- Por primeira vez, non será necesario que os beneficiarios presenten un aval ou unha garantía de pagos a conta para recibir estas axudas
- O conselleiro do Mar resalta que esta liña de subvencións contribúe a obxectivo europeo de permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras acuícolas
- “Galicia ten no mar unha riqueza extraordinaria que hai que aproveitar”, indica Villares

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou simplificar o acceso ás axudas xestionadas polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) e dirixidas ao sector pesqueiro para facer o proceso “moito máis asequible”. Unhas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa), que estarán dotadas “de 14,6 millóns de euros ata 2027”.

Tal e como explicou o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, a partir desta convocatoria xa non será necesario que os beneficiarios “presenten un aval” o unha garantía dos pagos a conta para recibir as axudas. Esta medida é pioneira, xa que é a primeira vez que se introduce nesta orde de axudas, e procura facilitar que entidades como as confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar, asociacións de profesionais do sector e outras entidades vinculadas ao ámbito marítimo pesqueiro, podan beneficiarse dun xeito máis áxil e doado destes recursos para o desenvolvemento dos seus proxectos.

Esta liña de subvencións está distribuída en tres anualidades ata o 2027, contribúe ao obxectivo europeo de permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras acuícolas. Entre os seus obxectivos está afondar na mellora das condicións de traballo, na creación de emprego, no reforzo da innovación no conxunto da cadea de produción e subministración de produtos da pesca e a acuicultura, no fomento da economía azul ou o aproveitamento do patrimonio cultural e medioambiental.

Villares lembrou que “Galicia ten no mar unha fonte de riqueza extraordinaria” que hai que aproveitar para dinamizar as localidades costeiras. Por iso, resaltou que estas achegas van dirixidas a diferentes proxectos “que xeren novas oportunidades, novos postos de traballo e axuden a fixar poboación” nestas vilas.

Deste xeito, as bases reguladoras, que serán publicadas proximamente, continúan coa súa tramitación e recollen tamén entre os seus potenciais beneficiarios as pequenas e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medianas empresas, institucións públicas locais ou asociacións sen ánimo. Nesta liña no 2024 contaron con axudas públicas un total de 133 proxectos, 54 (40,60%) foron de actividade económica e 79 (59,6%), accións sen ánimo de lucro que permitiron a creación de emprego é de 120 empregos a tempo completo. Iniciativas que contaron cun apoios autonómicos que alcanzaron os 11,7 millóns de euros e supuxeron un investimento privado de 9,2 millóns de euros máis, recursos que permitiron promover un impulso económico e social significativo nas comunidades costeiras.

Os GALP

Tal e como explicou Rueda, os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) son "asociacións sen ánimo de lucro" colaboradoras da Consellería do Mar como axentes que "potencian e asesoran iniciativas e proxectos para dinamizar e revitalizar as zonas pesqueiras".

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fempa contribuirá -ao igual que xa fixeron os seleccionados ao abeiro do FEMP- a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e a xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONSELLO REGULADOR DA DOP MEXILLÓN DE GALICIA DESTINAN 400.000 € A ACCIÓNS DE MELLORA DA PROMOCIÓN E DA COMERCIALIZACIÓN DO MEXILLÓN CERTIFICADO

- A Consellería do Mar achega a metade dos fondos para financiar medidas como a monitorización do rendemento deste bivalvo e actividades publicitarias coas que divulgar esta denominación de orixe protexida
- Desde o 2021 a Xunta financiou con máis e 650 mil euros as actividades desta entidade encargada da xestión e da certificación do produto rei da acuicultura galega, o único alimento mariño que conta con este recoñecemento en toda España

A Xunta de Galicia estreita a súa colaboración co Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Mexillón de Galicia para o desenvolvemento de accións de mellora da promoción e da comercialización do mexillón certificado. Así se recolle no convenio entre a Consellería do Mar e a entidade responsable do control e da certificación deste produto pesqueiro, o único en España que conta con este recoñecemento, que o Consello da Xunta autorizou esta mañá.

O acordo inclúe unha achega de 200 mil euros por parte da Administración autonómica e a outra metade corresponde aos fondos ao Consello Regulador, que permitirán sufragar medidas como a monitorización do rendemento deste bivalvo en termos de contido de biomasa de tecido que se refiren á cantidade de carne producida por un organismo e que resulta relevante á hora de estimar o seu valor nutritivo, comercial e ecolóxico. Tamén se recollen outras actividades publicitarias coas que divulgar esta denominación de orixe, entre as que destacan a utilización de *influencers* que fusionan entretemento, influencia, creatividade e contidos cun gran potencial de *engagement* para a marca Mexillón de Galicia.

Unha tarefa no ámbito da comunicación, e dado o éxito das ilustracións de Luís Dávila en anos anteriores, que está previsto que se complemente con outras accións, como a elaboración dunha historia gráfica a través da revista trimestral *Mexillón de Galicia*, onde se amosan, en ton de humor, as características que fan único este produto. Tamén se recolle a celebración dunha xornada de exaltación do Mexillón de Galicia, que contará coa participación de representantes do sector, na que se abordará a relevancia e a repercusión deste distintivo, así como a versatilidade culinaria dun dos produtos estrela das rías galegas.

Con este novo acordo dáse continuidade á alianza entre o Goberno galego e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia co obxectivo de seguir reforzando o seu recoñecemento entre as persoas consumidoras como sinónimo de calidade e excelencia. Unha liña de actuación na que vén traballando o Goberno galego que, desde o 2021, financiou con máis de 650 mil euros as actividades desta entidade encargada da xestión, do control e da certificación do bivalvo reina da acuicultura galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPROMETE 18,5 M€ NUN PLAN INTEGRAL PARA PRESERVAR A REDE GALEGA DE PARQUES NATURAIS E POÑELA EN VALOR COMO ELEMENTO CLAVE ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO

- O Consello toma razón dun informe no que se detallan unha trintena de actuacións, investimentos, liñas de axudas e proxectos xa iniciados ou que se van executar entre este ano e o 2026 nos seis parques naturais e no Parque Nacional das Illas Atlánticas
- Entre as medidas, figura a compra de terreos no Eume para aumentar en 105 ha a superficie pública, as obras de eficiencia enerxética dos centros de visitantes do Invernadeiro e do Xurés ou o traballo para eliminar especies invasoras e protexer hábitats
- Tamén hai accións transversais que beneficiarán as sete zonas protexidas e incidirán na sinalización, na divulgación dos seus valores e na mellora paisaxística
- No caso das Illas Atlánticas, o único parque nacional da Comunidade, cómpre salientar que participan en dous proxectos europeos de conservación de hábitats insulares e ecosistemas mariños e que se seguirán impulsando melloras nos servizos e nos equipamentos á disposición tanto da poboación residente como dos visitantes
- Os sete espazos protexidos suman 50.000 ha e destacan pola súa biodiversidade e paisaxe, patrimonio cultural e representatividade ecolóxica, polo que garantir a súa conservación e uso sostible reforza a condición de Galicia como refuxio climático

A Xunta está a impulsar un plan de acción integral na rede galega de parques naturais co obxectivo de contribuír á preservación, conservación e mellora destes espazos protexidos, ao tempo que pon en valor o seu papel como elemento clave para incrementar a resiliencia de Galicia fronte ao cambio climático e os seus efectos.

Cun investimento comprometido de 18,5 millóns de euros, financiados con fondos propios e europeos, serán un total de 30 actuacións entre obras, investimentos directos, proxectos de investigación e divulgación e ordes de axudas que se van executar este ano e o que vén, aínda que algúns deles xa se iniciaron o ano pasado e terán continuidade.

Así se recolle nun informe do que tomou razón esta mañá o Consello da Xunta e que aborda os obxectivos e as liñas de actuación incluídos nesta planificación, coa que se lle quere dar continuidade aos correspondentes plans reitores de uso e xestión (PRUX) dos seis parques naturais existentes na Comunidade —Monte Aloia, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Baixa Limia-Serra do Xurés, O Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra e As Fragas do Eume— e mais do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Deste xeito e tras completar en 2023 o proceso que permitiu dotar estes sete espazos do seu propio instrumento de ordenación e xestión, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático dá un paso máis no seu compromiso coa protección e a posta en valor da rede galega de parques naturais, garantindo a dotación financeira necesaria para avanzar nas catro grandes áreas de actuación que fixan os propios PRUX: conservación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural; a investigación, o seguimento e a avaliación; o uso público e a mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos.

Entre as medidas máis destacadas para cada parque, cómpre sinalar no caso do Eume o Plan para a recuperación e conservación da fraga autóctona, que inclúe o mantemento dos procesos ecolóxicos, as medidas de restauración de recursos degradados e o incremento da superficie pública dos bosques. En concreto, mobilizaranse case 1,4 millóns de euros para estas actuacións, cunha partida de 0,8 millóns destinada só á adquisición de terreos privados (tanto para lotes xa adquiridos como para futuras compras), que sumarán 105 hectáreas máis á superficie pública na zona de reserva e de uso limitado.

Ademais, no marco da mellora das infraestruturas e dos equipamentos dos parques naturais do Invernadeiro e de Baixa Limia-Serra do Xurés destacan as obras de mellora da eficiencia enerxética nos seus respectivos centros de interpretación, ambas en execución e cun investimento de 1,1 millóns de euros e 0,61 millóns, respectivamente, financiados con cargo ao Programa de impulso á rehabilitación dos edificios públicos (PIREP).

No Parque Natural de Corrubedo as actuacións programadas especificamente neste espazo porán o foco no eido da investigación, destacando un estudo sobre a evolución a longo prazo da ornitofauna que nidifica na zona (píllara e alcaraván) e a actualización da información dispoñible sobre a abundancia, a evolución e o reforzamento das poboacións de *iberodes littoralis*, unha planta ameazada e endémica deste espazo protexido.

No eido da protección e da conservación da biodiversidade, no caso do Parque Natural Monte Aloia cómpre citar os labores previstos para 2025 de control e eliminación de acacias, especie invasora presente neste espazo natural, e no da Serra da Enciña da Lastra, as actuacións de mantemento e recuperación de hábitats propios, particularmente dos soutos que caracterizan e ocupan unha grande extensión do parque.

Así mesmo, tamén hai medidas transversais que beneficiarán as sete zonas protexidas obxecto do plan. Entre elas, cómpre destacar os investimentos destinados a mellorar e colocar sinalización, a elaborar material divulgativo sobre os principais valores destes espazos, a executar melloras paisaxísticas ou a garantir un servizo de atención aos visitantes. Ademais, tamén se convocará en marzo unha nova orde de axudas bianual, por 2,48 millóns, para financiar proxectos que contribúan a manter ou recuperar a biodiversidade destas zonas, conservando os hábitats naturais, terrestres ou acuáticos.

10,6 M€ para o Parque Nacional

Por último, os investimentos previstos no Parque Nacional no marco do plan integral de acción suman 10,6 millóns de euros. En concreto, participa, xunto con outras illas de Canarias e Irlanda, nun proxecto transnacional de conservación e restauración de hábitats insulares prioritarios no Océano Atlántico (concretamente dunas e queirogais). Cun investimento por parte da Xunta de case 750.000 euros, o obxectivo desta iniciativa piloto e con vocación de servir de exemplo a outros territorios de Europa e do mundo, é

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deseñar unha estratexia conxunta para aumentar a resiliencia deste tipo de hábitats fronte aos efectos do cambio climático e posibles problemas comúns.

Así mesmo, no relativo ás actuacións para a preservación, o mantemento e a conservación do patrimonio natural e rural das Illas Atlánticas, o plan prevé investimentos por importe de 1,71 millóns de euros. Entre os xa executados o ano pasado, cómpre sinalar o seguimento de mamíferos carnívoros nas illas (como visóns), a eliminación e o control de especies invasoras ou as escavacións no castro de Ons, traballos que terán continuidade.

Para seguir mellorando o ciclo da auga nos catro arquipélagos e completar as actuacións realizadas ou en marcha (como a obra da EDAR de Ons), o plan integral prevé 1,18 millóns de euros, uns fondos que xa permitiron mellorar o servizo de abastecemento á disposición de residentes e visitantes en Cíes e en Ons coa instalación de depósitos con 80.000 litros no primeiro caso e de 5.000 e 20.000 litros no segundo.

Tamén está previsto convocar para este ano a orde de axudas para proxectos na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional, que abrangue ademais dos catro arquipélagos, os concellos de Ribeira, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Vigo.

Por último, cómpre destacar un proxecto financiado con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e que ten como fin a mellora dos ecosistemas mariños e das súas contornas dentro da zona de dominio público marítimo-terrestre, do que tamén se beneficiará o Parque Nacional e que ten unha transcendencia clave nunha comunidade con máis de 2.500 km de litoral, o máis extenso do país.

Cun orzamento de 4,45 millóns que se vai executar no período 2024-2026, a previsión é actuar sobre 620 hectáreas repartidas entre 11 Zonas de especial conservación da costa galega. En concreto, recuperaranse bosques de kelp (unha alga en regresión e de grande importancia para os hábitats mariños) en seis destas ZEC —comezando previsiblemente no complexo húmido de Corrubedo e no de Ons-O Grove— mediante un proceso de sementeira masiva en colaboración coa Universidade da Coruña.

En todo caso, no marco desta iniciativa tamén se impulsarán, entre este ano e o 2026, accións de limpeza de lixo mariño e medidas para garantir a recuperación de especies propias destas zonas, como a pílara das dunas ou a escribenta. Ademais, destinaranse parte dos fondos a mellorar a motorización das embarcacións do Parque Nacional.

Una rede para garantir a conservación dos hábitats

A rede galega de parques suma unha extensión de 49.121,26 hectáreas e está integrada, no día de hoxe, por seis espazos protexidos que, ademais de pertencer á Rede Natura 2000, foron no seu día declarados parques naturais.

Así mesmo, o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia —conformado polos arquipélagos das Illas Cíes, de Ons, de Sálvora e de Cortegada— forma parte, pola súa vez, da Rede de Parques Nacionais de España, é o único espazo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

natural galego amparado por seis figuras de protección ambiental e tamén está incluído no ámbito de actuación deste plan.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Lei de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia sinala que os espazos naturais protexidos, dos cales forman parte os parques naturais, deben contribuír a garantir o bo estado de conservación dos hábitats, das comunidades e das especies presentes que se atopen ameazadas ou que requiran dunha protección especial.

Ademais, tamén deben estar dedicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados a estes, así como dos procesos evolutivos, da conectividade e da migración das especies e máis das funcións e dos procesos ecolóxicos esenciais.

Por iso, o impulso e a promoción a través deste plan integral de medidas concretas para preservar estes espazos contribúe tamén, e de forma directa, a avanzar nos grandes obxectivos climáticos que se ten marcado a Xunta, como acadar a neutralidade nas emisións contaminantes no horizonte do ano 2040.

De feito, os seis parques naturais de Galicia e as Illas Atlánticas destacan pola súa gran riqueza desde o punto de vista da biodiversidade e da paisaxe, polo patrimonio cultural asociado e pola representatividade ecolóxica dos hábitats que albergan, polo que contribúen á descarbonización da Comunidade grazas á súa capacidade de absorción de CO₂. Neste sentido, garantir a súa preservación, a mellora dos seus hábitats e un uso sustentable deles reforzará a condición de Galicia como refuxio climático natural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE GALICIA LIDERA A COMPRA PÚBLICA DE INNOVACIÓN EN ESPAÑA AO CAPTAR PRETO DA METADE DOS PROXECTOS E 45,6 M€

- O presidente do Executivo autonómico destaca que a Comunidade obtivo financiamento europeo a través da liña FID para nove iniciativas, das cales oito son lideradas pola Xunta
- Subliña que isto “supón seguir traballando para colocar a Galicia nunha posición punteira dentro do Estado en materia de innovación”
- Sinala que se trata de candidaturas innovadoras de catro consellerías diferentes, o que evidencia a aposta decidida do Goberno autonómico pola I+D+i
- Lembra que Galicia executou no período 2007-2020 proxectos por “252 millóns de euros” a través da Compra Pública Innovadora, unha “modalidade de contratación que permite dispoñer de ferramentas e de subministracións que non están dispoñibles no mercado”
- Desenvolveranse propostas que mellorarán servizos como a sanidade e a educación e que incidirán no respecto ao medio ambiente e nos sectores industriais
- A Xunta, que investirá 28 M€ para completar o orzamento dos proxectos, cumpre así o obxectivo do Plan de I+D+i de ampliar a Compra Pública Innovadora a novos eidos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que Galicia lidera a compra pública de innovación en España ao captar “practicamente a metade dos proxectos” e 45,6 M€ da última convocatoria da Liña FID (Fomento da Innovación desde a Demanda) financiada con cargo a fondos europeos mediante FEDER plurirrexional e convocada polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Estes resultados, segundo resaltou o presidente autonómico, supoñen “seguir traballando para colocar a Galicia nunha posición punteira dentro do Estado en materia de innovación”. En total, concédense para toda España 20 proxectos, nove deles en Galicia. Destes, oito son liderados pola Xunta, e un pola Empresa Municipal de Augas da Coruña (Emalcsa). Estas iniciativas implican investimentos por preto de 76 M€: 45,6 millóns dos fondos europeos, 28 millóns de fondos propios da Xunta, e 2,1 millóns de Emalcsa.

A Compra Pública de Innovación, que tal e como sinalou Rueda é unha “modalidade de contratación que permite dispoñer de ferramentas e de subministracións que non están dispoñibles no mercado”, desenvolve e acelera solucións baseadas en I+D+i. Tal e como lembrou o responsable do Executivo galego, a Comunidade executou no período 2007-2020 proxectos de Compra Pública Innovadora por importe de “252 millóns de euros”. No período 2021-2027 estanse a executar proxectos por 148 M€, o que supón un investimento total de 400 M€ en Galicia.

Os oito proxectos liderados pola Xunta na convocatoria da liña FID que vén de resolverse permiten obter financiamento extraordinario por valor de máis de 42 M€. O Consello da Xunta analizou un informe hoxe sobre este proceso, que implica a catro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consellerías diferentes, o que amosa a determinación do Goberno galego ante a I+D+i. Tal e como informou Rueda, quen agradeceu “o traballo realizado polos técnicos da Administración autonómica”, trátase dos departamentos de Sanidade, de Medio Ambiente e Cambio Climático, de Economía e Industria e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

As iniciativas apoiadas corresponden a distintos sectores de actividade: desde servizos públicos básicos como a atención médica personalizada, a creación do expediente dixital único do alumnado e a aplicación de intelixencia artificial para combater o abandono escolar, ata solucións innovadoras baseadas no hidróxeno verde, a dixitalización de datos xeolóxico-mineiros, as enerxías mariñas, novas técnicas de rehabilitación e materiais sostibles para as construcións tradicionais, a redución da pegada de carbono ou a creación dun xemelgo dixital dos ríos da cunca hidrográfica de Galicia-Costa.

Esta diversidade reforza o carácter transversal da innovación nas políticas públicas da Xunta. Ademais, tal e como marca o novo Plan de I+D+i que vén de aprobar o Executivo galego, ampliáanse os ámbitos de actuación nos que se viña centrando a Compra Pública, que eran principalmente o eido sanitario, o dos vehículos non tripulados e a auga.

A alta participación dos distintos departamentos da Xunta e o éxito nesta convocatoria débese a un proceso interno de recollida de propostas e avaliación iniciado a comezos de 2023 no seo da Comisión Interdepartamental de I+D+i e promovido pola Axencia Galega de Innovación, a través do que se recibiron 31 propostas de distintos departamentos.

ENTIDADE	PROXECTO	AXUDA CONCEDIDA	ORZAMENTO TOTAL
Servizo Galego de Saúde	Precisaúde. Plan de innovación sanitaria en medicina SP	12.000.000 €	20.000.000 €
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP	EduGallIA. Intelixencia artificial no ensino	9.900.000 €	16.500.000 €
Consellería de Economía e Industria	Smartmin Tech	5.100.000 €	8.500.000 €
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático	SICLE CO2. Solucións innovadoras para a compensación local	4.090.284,84 €	6.817.141,40 €
Augas de Galicia	Auga Tech	3.600.000 €	6.000.000 €
Instituto Enerxético de Galicia	Innomar. Solucións innovadoras para o impulso de enerxías do mar	3.443.436,84 €	5.739.061,40 €
Consellería de Economía e Industria	Centro galego de solucións innovadoras de hidróxeno	2.538.000 €	4.230.000 €
Axencia Galega da Industria Forestal	Lignoaldeas	1.708.650 €	2.847.750 €
		42.380.372 €	70.633.953 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Solucións innovadoras na sanidade

A Consellería de Sanidade obtén 12 M€ de apoio para o proxecto *Precisaúde*, que conta cun orzamento total de 20 M€. Baseándose na medicina 5P (personalizada, preventiva, predictiva, participativa e poboacional), procura o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas na aplicación de técnicas de diagnóstico e tratamento específicas para cada paciente en función das súas características individuais. Solucións a través de biomarcadores (en oncoloxía, tratamentos da obesidade e trastornos mentais), de sistemas de simulación para tratamento de feridas o para atención nos casos de PCR e ECMO (osixenación por membrana extracorpórea), da construción de plataformas avanzadas de análise xenómica integrada e para a produción de terapias celulares avanzadas, para a súa implantación no Servizo Galego de Saúde.

Catro proxectos en Economía e Industria

A Consellería de Economía e Industria logra apoio para catro proxectos polos recibirá 12,8 M€ dun investimento global de 21,3 M€. En primeiro lugar, leva adiante a proposta de Smartmin Tech, con 8,5 M€ de orzamento, orientado á obtención e dixitalización de datos xeolóxico-mineiros de Galicia, cun sistema de información avanzada e unha plataforma de xestión. Así mesmo, complementase co desenvolvemento de solucións innovadoras relacionadas coa integración ambiental e a economía circular.

Tamén o Centro Galego de Solucións Innovadoras en torno á Cadea de Valor do Hidróxeno Verde, cun orzamento de 4,23 M€. O proxecto procura o desenvolvemento e implantación dun centro demostrador (en rede) para a posta en marcha de solucións innovadoras para aumentar as capacidades industriais en materia de produción, almacenaxe, transporte, distribución e consumo de hidróxeno renovable (Prototipo de xeración de hidróxeno verde a partir de auga de mar).

A través do Instituto Enerxético de Galicia, obtén apoio para Innomar, dotado con 5,74 M€ para novas solucións tecnolóxicas para a zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira. Contempla o deseño, desenvolvemento e implementación dunha estrutura que albergue un multiconector flotante e sensorizado que permita a interconexión de prototipos de xeración eléctrica renovable no medio mariño.

O cuarto proxecto da Consellería de Economía, neste caso canalizado a través da Axencia Galega de Industria Forestal, recibe apoio Lignoaldeas, cun investimento previsto de 2,85 M€ para dar solucións innovadoras baseadas na natureza, novas técnicas de rehabilitación e materiais sostibles con base en recursos forestais de proximidade para as construcións tradicionais dos núcleos rurais galegos.

Dúas candidaturas de Medio Ambiente

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático presentou ao proceso dúas propostas, cun investimento global de 12,8 M€ do que recibirá 7,7 M€. O primeiro deles é o proxecto *SICLE CO2*, cun orzamento de 6,82 M€. A proposta ten como obxectivo promover unha compensación de emisións de proximidade que axuden, ademais, de forma máis directa á redución da pegada de carbono en Galicia. A tal efecto, prevese un banco de parcelas público, unha plataforma de colaboración para o intercambio de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compensacións, o seguimento de proxectos e unha ferramenta predictiva para determinar a absorción de CO2 dos terreos agrícolas e as áreas costeiras.

Esta mesma Consellería presentou un segundo proxecto, neste caso desde Augas de Galicia: *AugaTech*. Cun orzamento de 6M€, a proposta prevé desenvolver ferramentas de intelixencia artificial para mellorar a información á cidadanía e para crear un xemelgo dixital dos ríos da cunca hidrográfica de Galicia-Costa, coa finalidade de aumentar a transparencia e mellorar a xestión dos recursos hídricos fronte o cambio climático.

Intelixencia artificial na educación

Finalmente, a Consellería de Educación consegue 9,9 M€ de financiamento para EdugallIA, cun orzamento total de 16,5 M€, que persegue mellorar a equidade e calidade do sistema educativo a través do emprego da intelixencia artificial. Centrarase en melloras na gobernanza e no procesamento de datos para incidir particularmente na prevención do abandono escolar. Creará tamén co expediente dixital único do alumnado e establecerá un novo modelo no acceso de alumnos e familias á información de interese, cun punto único de contacto e ferramentas informáticas específicas.

A Compra Pública de Innovación é un instrumento de fomento da innovación orientado a potenciar o desenvolvemento de solucións innovadoras a través da contratación pública. O obxectivo é mellorar os servizos públicos mediante a incorporación de bens ou servizos, fomentar a innovación empresarial e impulsar a internacionalización empregando o mercado público local como cliente de lanzamento ou referencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA AS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS CUN MILLÓN DE EUROS PARA PROMOVER A IGUALDADE, PREVER A VIOLENCIA DE XÉNERO E FACILITAR A CONCILIACIÓN

- Prevese que máis de 40.000 escolares participen nos programas que se desenvolvan ao longo deste ano con estas achegas
- A contía mínima da subvención é de 3.000 euros e pode chegar ata os 20.000 para iniciativas de conciliación e corresponsabilidade de federacións ou confederacións de ANPAS

O Consello da Xunta desta mañá informou dunha nova convocatoria de axudas para que as Asociacións de Nais e Pais (ANPAS) dos centros educativos poñan en marcha ao longo deste ano programas que fomenten a igualdade e a prevención da violencia de xénero, así como actividades que faciliten a conciliación e a corresponsabilidade nas familias. O Executivo autonómico destina un millón de euros a esta convocatoria de axudas que nos vindeiros días se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Con estas achegas a Xunta financiará iniciativas nas que se estima que participarán 36.000 escolares en actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes, así como de prevención e de rexeitamento da violencia de xénero. Así mesmo, outros 4.500 nenas e nenos participarán en actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias.

A contía da axuda que poden recibir as ANPAS varía en función do tipo de programa que realicen e tamén no caso de que se leve a cabo individualmente ou de maneira conxunta con outras ANPAS. Así, o apoio mínimo da Xunta é de 3.000 euros para actividades de promoción da igualdade e contra a violencia de xénero. A máxima pode chegar aos 20.000 euros cando se trata de programas de conciliación e corresponsabilidade que leven a cabo federacións ou confederacións de ANPAS.

A Administración autonómica financiará as propostas que se desenvolvan entre o pasado 1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro deste ano. Algunhas das actividades subvencionadas en convocatorias de exercicios anteriores foron obradoiros de educación emocional, de educación en igualdade e de educación afectivo-sexual; así como obradoiros sobre videoxogos e redes sociais, entre outros.

Tamén se sufragaron actividades de música, de teatro, de radio, de baile ou de cine; escolas de nais e pais, servizos de coidados para familias con fillas e fillos de ata 16 anos ou accións de formación e sensibilización no ámbito da corresponsabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE GALICIA PECHOU 2024 CUN SUPERÁVIT DO 0,2%, ACADANDO O 100% DE EXECUCIÓN E REDUCINDO A DÉBEDA

- O esforzo investidor acadou o 16,5% dos gastos non financeiros e a débeda reduciuse en 223 M€, incrementándose o investimento real en máis de 200 M€ con respecto ao ano anterior
- O ano pasado reforzáronse os gastos correntes, principalmente vinculados a Sanidade, Educación e Servizos Sociais, con máis de 772 M€, cunha execución do 106%
- O saldo positivo débese a que Galicia recibiu unha liquidación do SFA superior á inicialmente prevista que permitiron recuperar a concesión de catro autovías cun aforro de máis de 330 M€ nos exercicios futuros
- O informe presentado ao Consello polo titular da Consellería de Facenda e Administración Pública salienta que o exercicio se pechou cunha execución orzamentaria do 100%
- A Administración galega situouse, un ano máis, entre as CC.AA. que pagou aos seus provedores con maior axilidade: 16,5 días de media

O titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, destacou hoxe que Galicia pechou o ano 2024 cun superávit do 0,2%, acadando o "100% de execución do orzamento", con 846,5 millóns de euros máis gastados respecto ao 2023, e "ao mesmo tempo, reducindo a débeda". Así o reflicte o informe presentado ao Consello da Xunta polo titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, relativo ao peche do exercicio do 2024.

Neste sentido, o esforzo investidor da Comunidade alcanzou o 16,5%, manténdose nas cifras máximas xa acadadas en 2023 (16%). Máis polo miúdo, o informe precisa que a Xunta investiu 2.181M€, unha das cifras máis altas da historia, incrementándose o investimento real en máis de 200 millóns de euros con respecto ao ano anterior. Tamén se reforzaron os gastos correntes, principalmente vinculados a Sanidade, Educación e Servizos Sociais, con máis de 772 millóns de euros, que elevaron a súa execución ao 106%.

Segundo sinalou o presidente, a débeda reduciuse en 233 millóns de euros, rebaixando a ratio débeda/PIB 1,2 puntos nun so ano, ata o 14,5%, "niveis do ano 2011", e mellorando a previsión desta magnitude no Plan Estratéxico de Galicia 2020-2030 para este exercicio (16,6%). En catro anos, a Xunta reduciu un 25% esta ratio.

Ademais, Rueda destacou que o saldo positivo do superávit débese a que Galicia recibiu "máis ingresos dos previstos inicialmente" grazas a unha liquidación do SFA superior á inicialmente prevista que permitiu a recuperación da concesión de catro autovías, cun aforro de 342 millóns de euros nos exercicios futuros. Esta operación ten carácter financeiro e, polo tanto, non ten impacto no cálculo do saldo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pago a provedores

Por outra banda, o presidente do Goberno galego lembrou que a Administración galega situouse, un ano máis, entre as CC.AA. que “pagan con máis axilidade aos seus provedores”: 16,5 días de media en 2024. Esta axilidade beneficia aos provedores que traballan coa Xunta, pois favorece a súa liquidez, tendo en conta que moitos deles son pemes e mesmo autónomos. Por iso, o Goberno galego reafirma o seu compromiso con seguir pagando coa máxima axilidade posible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A APOSTA POLO RETORNO DOS EMIGRANTES CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS PARA APOIAR UNHAS 1.000 FAMILIAS

- As bases destas achegas, encadradas na Estratexia Galicia Retorna e analizadas hoxe no Consello da Xunta, publicaranse este mércores no *Diario Oficial de Galicia* e contan cun crédito de inicial de 2,3 M€ con posibilidade de ampliación segundo a demanda
- Estes apoios permiten cubrir necesidades iniciais dos galegos retornados e inclúen unha axuda específica para as familias con fillos menores e unha para apoiar o acceso a unha vivenda, valorando especialmente o establecemento no rural
- Desde 2018, lévanse investido 14 M€ para atender 5.400 familias retornadas —ata 20.000 persoas beneficiadas— procedentes de máis de 60 países, e Venezuela, Cuba e Arxentina son as principais orixes das persoas beneficiarios, das cales un 54 % son mulleres
- No 2024, a Xunta realizou a maior ampliación de fondos desta liña, o que permitiu cubrir a demanda coa a cifra anual máis alta de solicitudes concedidas ao atender 1.159 familias, que se instalaron en preto de 150 concellos galegos diferentes
- Esta medida súmase a outras do Goberno galego centradas en potenciar o retorno para a captación de talento e cubrir as demandas do tecido produtivo como as feiras de emprego que se celebrarán na Arxentina (6 e 7 de marzo) e no Uruguai (10 de marzo)

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre as axudas extraordinarias a persoas emigrantes retornadas das que este mércores o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará a convocatoria deste ano, dotada cun crédito inicial de 2,3 M€ —que se poderá reforzar segundo a demanda— e coa que se estima apoiar unhas 1.000 familias.

Estas axudas extraordinarias ao retorno encádranse no paquete de medidas da Estratexia Galicia Retorna e son un recurso fundamental, xa que permiten cubrir necesidades iniciais como o establecemento de persoas e familias emigrantes retornadas que deciden fixar a súa residencia en Galicia, axudando á súa integración na comunidade. Neste sentido, poden beneficiarse delas as persoas galegas retornadas nadas en Galicia e os seus descendentes e os cónxuxes ou parellas de feito. Para iso, deben ter residido fóra de España un mínimo de dous anos antes do retorno e o retorno debe terse producido desde o 1 de xaneiro de 2023 en diante.

A axuda máxima por unidade familiar é de 6.000 euros, e inclúen, ademais dos apoios de carácter xenérico, un específico para as familias con fillos menores de idade que se establezan en Galicia, cun importe de 1.000 euros por fillo ata o segundo fillo, e de 1.500 euros a partir do terceiro, cun incremento do 25 % no caso de que a familia resida nun concello rural. Tamén se inclúe unha axuda de 500 euros por unidade familiar destinada a facer fronte aos gastos derivados das primeiras xestións necesarias para garantir o acceso a unha vivenda. O prazo de presentación de solicitudes abrirá o 20 de febreiro e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as persoas interesadas poderán consultar os detalles da convocatoria na resolución que publicará este mércores o DOG.

Resultados de convocatorias anteriores

Entre o 2018 e o 2024, o apoio concedido superou os 14 M€ e lévanse beneficiado desta axuda máis de 5.400 familias retornadas, o que supón arredor de 20.000 persoas entre solicitantes, membros da súa familia e conviventes. Por procedencia, as familias son orixinarias de máis de 60 países e Venezuela -máis de 2.100 solicitudes concedidas-, Cuba -preto de 980- e Arxentina -máis de 940- son os países predominantes. En relación coas características dos solicitantes, un 54 % das persoas beneficiarias son mulleres e nas últimas convocatorias detéctase unha tendencia á alza de persoas retornadas máis novas.

No referido ao 2024, resultaron beneficiarias 1.159 familias por un importe total de 3,5 M€, sendo o ano no que se rexistraron máis solicitudes concedidas. Estas persoas procedían de 38 países, entre os que destacan Cuba -máis de 480 beneficiarios-, Arxentina -preto de 240 - e Venezuela -máis de 180 -, e case o 63% son mulleres. Aínda que as provincias da Coruña, con máis de 550 solicitudes concedidas e a de Pontevedra -máis de 240-, son as predominantes na elección do destino para o retorno, destacan en proporción os casos das cidades de Ourense -111 beneficiarios- e Lugo -101-, dentro dunha distribución que favorece a boa parte do territorio -só na última edición, os retornados con estes apoios instaláronse en preto de 150 concellos galegos diferentes-.

Dentro do compromiso coas persoas galegas do exterior, a Xunta realizou na convocatoria do ano pasado a maior ampliación de fondos desde a posta en marcha desta liña de axudas, xa que se publicou cun crédito inicial de 2 M€ que se incrementou en decembro nun 67 % ata acadar o total de 3,5 M€. Deste xeito, cubriuse a elevada demanda que permitiu que máis galegos do exterior se poidan establecer en Galicia con apoio económico.

Apoio integral ao retorno

Galicia é unha rexión pioneira a prol das políticas de retorno impulsando medidas tanto no eido da conta propia como allea e dentro e fóra da comunidade para facer fronte ao reto demográfico e responder a desafíos estruturais do mercado laboral como a atracción de talento e a cobertura de vacantes. Este desafío exige estimular a forza laboral interna e, en paralelo, favorecer a atracción de traballadores do exterior dun xeito ordenado, vencellado a empregos de calidade e da man das empresa.

Neste eido, a Xunta prioriza o retorno dos emigrantes galegos e conta cunha batería integral de medidas dentro da Estratexia Galicia Retorna dotada de 450 M€ ata 2026, a través de ferramentas como o Retorna Cualifica Emprego, coa segunda edición en marcha (2,3 M€) e o obxectivo de beneficiar uns 200 residentes no exterior menores de 55 anos. Nesta liña, e ao abeiro do Plan de captación de talento implementado este ano pola Administración autonómica, celebráronse feiras de emprego o 6 e 7 de marzo en Arxentina e o 10 de marzo no Uruguai. Outras iniciativas neste mesmo ámbito son as Bolsas BEME -coa convocatoria aberta- que permiten á mocidade do exterior

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

completar a súa formación académica en Galicia. Así mesmo, ofrécense axudas ao autoemprego como unha vía de apoio ao retorno das persoas galegas residentes no exterior, dotadas este ano con 1 M€ e que se poden solicitar ata o 30 de setembro.